



Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua (CTNL)  
CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

# Liñas de acción da CTNL

## para o período interasemblemable 2010-2011

(aprobadas por unanimidade na Asemblea Xeral Ordinaria do 12 de marzo de 2010)

### Accións para o cumprimento dos fins da asociación

#### 1 Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos:

- Continuación do plan de actuación ante as convocatorias de prazas e contratacións para os servizos lingüísticos das administracións públicas, con actuacións ante procesos selectivos non acordes cos criterios mínimos para a contratación de persoal de normalización lingüística por parte das administracións públicas.
- Solicitudes concretas de mellora das condicións de determinados postos de técnico/a de normalización lingüística e doutros postos relacionados coa lingua (profesorado dos cursos Celga, bolseiros/as, etc.) en distintas entidades.
- Realización e difusión de informes e propostas concretas sobre a situación dos traballadores e das traballadoras de normalización da lingua.
- Seguimento dos compromisos adquiridos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con respecto aos criterios das subvencións para o mantemento e creación de servizos de normalización lingüística na administración local e a posta en marcha da Rede de dinamización lingüística local. Realización dun informe avaliativo sobre os resultados desas subvencións, con propostas de mellora.

#### 2 Promover a formación continua no eido da normalización da lingua:

##### ORGANIZACIÓN DE CURSOS SOBRE O TRABALLO EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Propostas de cursos para organizar directamente a CTNL (coa coorganización do Departamento de Filoloxía Galega da USC e/ou coa procura de colaboración doutras entidades):

A CTNL organizará no período interasemblemable dous ou tres dos seguintes cursos:



Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua (CTNL)  
CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

### Curso de presentacións eficientes (dúas edicións)

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Mellorar a comunicación relacionada coa normalización lingüística a través da utilización de presentacións</li><li>➤ Utilizar as presentacións con modelos adecuados, modernos e eficientes para transmitir mellor as mensaxes</li><li>➤ Estimular o uso eficiente das novas tecnoloxías para a comunicación no proceso de normalización da lingua galega</li></ul>
<b>Duración</b>	16 ou 20 horas (aproximadamente)
<b>Profesorado</b>	Persoas con coñecementos e práctica en comunicación e normalización lingüística
<b>Datas probábeis</b>	Abril-maio de 2010
<b>Proposta de lugares de realización</b>	Santiago de Compostela

### Curso de xestión administrativa para técnicos/as de SNL da Administración pública (dúas edicións)

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Coñecer o procedemento administrativo xeral.</li><li>➤ Achegarse aos trámites administrativos básicos que require o traballo desde os SNL.</li><li>➤ Fornecer dos recursos básicos para desenvolver o traballo administrativo.</li><li>➤ Coñecer os pasos necesarios para tramitar propostas da administración</li></ul>
<b>Duración</b>	16 ou 20 horas (aproximadamente)
<b>Profesorado</b>	Especialista en procedemento administrativo local
<b>Datas probábeis</b>	Setembro-outubro de 2010
<b>Proposta de lugares de realización</b>	Santiago de Compostela e Pontevedra

### Curso de deseño e implementación de campañas de normalización lingüística (dúas edicións)

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Afondar na filosofía das accións normalizadoras analizando as campañas como procesos de activación social.</li><li>➤ Dotar ás persoas participantes dos coñecementos necesarios para o deseño, xestión, implementación e avaliación de campañas de normalización lingüística.</li><li>➤ Dar a coñecer métodos para a determinación de obxectivos, análises dos recursos dispoñíbeis, desenvolvemento do proceso e avaliación de resultados.</li></ul>
<b>Duración</b>	16 ou 20 horas (aproximadamente)
<b>Profesorado</b>	Técnicos/as de empresas relacionadas coa normalización e/ou de SNL
<b>Datas probábeis</b>	Febreiro de 2011
<b>Proposta de lugares de realización</b>	Santiago de Compostela e A Coruña

- Tamén se valorará a posibilidade de organizar algunha das seguintes accións formativas, no caso de se consideraren necesarias e viábeis:



Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua (CTNL)  
CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

### Curso de blogs e iniciación a ferramentas multimedia para o traballo en normalización lingüística (terceira edición)

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Analizar as posibilidades e vantaxes que poden ofrecer os blogs e outras ferramentas multimedia básicas para o traballo en normalización lingüística</li><li>➤ Coñecer as vantaxes dos blogs para a publicación de materiais, para o traballo colaborativo, para a optimización de recursos, para a difusión de accións, etc.</li><li>➤ Potenciar o uso das novas tecnoloxías, da web 2.0, a difusión de accións a través da rede e o traballo colaborativo en internet</li><li>➤ Que as persoas participantes aprendan a crear e xestionar blogs, a integrar nel outras ferramentas, e a aproveitar as súas potencialidades para o traballo en normalización lingüística</li></ul>
<b>Duración</b>	20 horas (16 horas presenciais e 4 de traballo non presencial) [Tamén se pode valorar a posibilidade de facelo en liña]
<b>Profesorado</b>	Persoas con coñecemento e práctica en aplicación dos blogs e as ferramentas multimedia ao traballo en normalización lingüística

### Curso de avaliación de accións de normalización lingüística

<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ Tomar conciencia da utilidade de avaliar o traballo e as accións desenvolvidas para a normalización lingüística.</li><li>➤ Achegarse aos principios básicos da avaliación do traballo.</li><li>➤ Coñecer as ferramentas básicas para realizar unha avaliación dun proxecto.</li></ul>
<b>Duración</b>	16 ou 20 horas (aproximadamente)
<b>Profesorado</b>	Persoas con coñecementos e experiencia na avaliación de proxectos e con coñecementos do ámbito da normalización lingüística

- Organización dun encontro lúdico-formativo e de convivencia para socias e socios da CTNL durante unha fin de semana.
- Colaboración con outras propostas formativas:
  - VI edición do Curso de verán sobre dinamización lingüística (SNL da UdC)

#### DOCUMENTOS FORMATIVOS

- Continuidade da colección de materiais *Documentos CTNL*, na que se inclúen materiais formativos e de referencia. En 2010 está previsto publicar:
  - Un documento sobre a dinamización lingüística
  - Un documento sobre ferramentas de análise sociolingüística
- Publicación e difusión a través da rede de materiais formativos de diversos cursos xa organizados pola CTNL



Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua (CTNL)  
CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

### 3 Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua:

#### ACCÍONS PARA UNHA MELLOR E MAIOR IMPLICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- **TRABALLO CONXUNTO CON OUTROS COLECTIVOS:** traballar conxuntamente co resto de colectivos, plataformas e sectores implicados na defensa e promoción da lingua galega para que o goberno galego reconsidere a paralización de diversos proxectos de importancia para a normalización da lingua galega (Galescolas, Decreto 124/2007 de uso e promoción do galego no sistema educativo, cuestións lingüísticas na Lei da función pública, na Lei de subvencións, na Lei de comercio etc.) e emprenda novos proxectos de promoción da lingua. Colaborar co conxunto de colectivos, plataformas e sectores implicados na normalización lingüística para traballar conxuntamente a prol da lingua galega
- **PROPOSTAS E SEGUIMENTO DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA:** proporlle á Xunta de Galicia melloras no desenvolvemento de proxectos e accións para o fomento do uso e prestixio da lingua galega e seguimento das súas accións en política lingüística:
  - Impulso e coordinación dos distintos SNL, reclamando melloras concretas na relación actual entre a Xunta e os SNL das distintas administracións (coordinación, liñas de subvencións, etc.). Seguimento dos compromisos adquiridos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con respecto aos criterios das subvencións para o mantemento e creación de servizos de normalización lingüística na administración local e a posta en marcha da Rede de dinamización lingüística local. Realización dun informe avaliativo sobre os resultados desas subvencións, con propostas de mellora
  - Solicitude de melloras concretas na xestión e desenvolvemento de diversas accións: campañas de normalización, axudas a distintos ámbitos (asociacións, sector empresarial, etc.), cursos de lingua galega, etc.
  - Solicitude de cumprimento na aplicación do Plan xeral de normalización da lingua galega.
  - Proposta dun claro incremento orzamentario para a política de promoción da lingua galega de cara ao vindeiro ano, nomeadamente naquelas partidas que inciden máis directamente en accións normalizadoras e na creación de estruturas técnicas para a normalización lingüística. Proporase que se lle dedique á política de promoción da lingua galega, como mínimo, o 0,3% do orzamento total da Xunta.
- **PROPOSTA DE ACCIÓN DE PROMOCIÓN LINGÜÍSTICA CONXUNTA ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS SNL MUNICIPAIS:** elaboración dun catálogo de produtos en galego para o Nadal, que contería proposta de agasallos de diverso tipo (xoguetes, discos, libros, electrónica, xogos de mesa, etc.) e produtos alimentarios etiquetados en galego, para que se poida difundir conxuntamente desde os diferentes SNL que queiran participar, e para que estes poidan desenvolver, a partir dese material básico, outras accións para a difusión dos produtos culturais e de ocio en galego e/ou



para o uso do galego en todo o relacionado coas festas do Nadal, para, deste xeito, procurar que o galego estea presente na vida social cotiá e no lecer. A esta acción, proposta á Deputación da Coruña, procuraríase dar dimensión galega.

- **ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2011:** proporlles a todas as organizacións políticas que inclúan nos seus programas electorais de cara ás eleccións municipais de 2011 a creación (ou potenciación e consolidación, de ser o caso) dun servizo de normalización lingüística (SNL) estábel con capacidade de intervención social, ben propio, ben consorciado, dotado de recursos humanos e económicos, co obxectivo xeral de incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todo o ámbito social do municipio, con funcións claramente dinamizadoras, formativas e de asesoramento e que traballe de xeito coordinado con outras entidades con obxectivos normalizadores. Tamén que se lle dedique á política de promoción da lingua, como mínimo, o 0,3% do orzamento.
- **DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS:** propor que, nomeadamente de cara á vindeira lexislatura, desde as deputacións provinciais se poñan en marcha (no caso de Lugo, Ourense e Pontevedra) ou se consoliden (no caso da Coruña) programas de impulso dos servizos de normalización lingüística municipais.
- **FEGAMP:** incidir para que desde a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) se fagan propostas para o fomento do uso da lingua galega a través dos concellos, como propostas para o impulso e consolidación de SNL, propostas para a aprobación de ordenanzas para o impulso do uso da lingua galega, etc.

## ENCUNTROS

- Coorganización da IV edición do Encontro de política lingüística desde as administracións locais da Coruña, en colaboración coa Deputación da Coruña, previsibelmente no mes de outubro
- Proposta de continuidade dos Encuentros para a normalización lingüística, organizados desde o CDSG do Consello da Cultura Galega, e colaboración na organización, previsibelmente no último trimestre de ano
- Procura de realización ou colaboración na realización de encontros e xuntanzas territoriais ou sectoriais para o contacto, información e procura de coordinación e desenvolvemento de accións conxuntas
- Impulso de colaboración activa e coordinación entre SNL e ENDL



## Algúns obxectivos e accións organizativas para 2010

### 1 Reforzo organizativo

- Análise de vías de financiamento para dotar á CTNL dun local, propio ou compartido, desde o que se poida desenvolver o traballo e que sexa o centro coordinador e punto de referencia da CTNL
- Análise de vías de financiamento para a contratación dun coordinador técnico ou dunha coordinadora técnica da asociación ou, cando menos, para contratacións ou colaboración puntuais en cursos ou outras accións da asociación
- Procura da posta en marcha de grupos de traballo territoriais, sectoriais ou puntuais para o desenvolvemento de proxectos/propostas concretas
- Procura de incremento do número de asociados/as

### 2 Comunicación

- Maior difusión do sitio web [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org), con distribución de folletos e posibilidade de banners promocionais en portais galegos
- Continuación da actualización constante do sitio web e do envío periódico de novas a socios e socias:
  - Novas xerais sobre lingua
  - Convocatorias de ofertas de emprego, subvencións, cursos, xornadas, etc.
  - Información sobre recursos, materiais, etc.
  - Información sobre a actividade da CTNL
  - Información sobre as accións dos diferentes SNL e outras entidades
  - Opinións, análises, entrevistas, etc.
- Procura do incremento de materiais publicados no sitio web (materiais de cursos, informes, etc.) e publicación e difusión de novos materiais da colección *Documentos CTNL*
- Incremento da presenza no web do traballo dos servizos de normalización lingüística, dándolles maior protagonismo aos/ás técnicos/as de normalización con entrevistas e ao seu labor con descrições de accións e difusión de materiais
- Posta en marcha de novos espazos e canles da CTNL a través de redes sociais e novas ferramentas, con reforzo da comunicación web a través de vídeo, son e imaxe
- Mellor e maior difusión das accións desenvolvidas pola CTNL e dos seus posicionamentos públicos en cuestións relacionadas coa normalización lingüística



Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua (CTNL)  
CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

### **3 Colaboración e contacto con outras entidades, colectivos e organismos para cuestións xerais e/ou concretas de interese para a normalización lingüística:**

- Procura de renovación de convenios de colaboración para o desenvolvemento de accións de normalización
- Procura de novos convenios de colaboración para o financiamento de accións desenvolvidas pola CTNL de interese xeral para o proceso de normalización da lingua galega
- Continuación da colaboración da CTNL con outras entidades na realización de accións de formación (Curso de verán do SNL da UdC) e de encontros (Deputación da Coruña e Consello da Cultura Galega) e procura de novas colaboracións
- Colaboración e contacto continuo con outras entidades que traballen, dun ou doutro xeito, pola normalización lingüística

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2010